

Lino Díaz Goás, Secretario do Sector de Autonomica de UGT Servizos Públicos de Galicia, con domicilio a efectos de notificación no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, en San Caetano s/n, Local Sindical de UGT, con dirección de correo electrónico sindicato-uxt@xunta.gal

Javier Lareu Rodiño, Coordinador Xeral do Sector da Administración Autonomica da FSC de CCoo e enderezo a efectos de notificación no Edificio Sindical na rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 8 – C (San Lázaro - Santiago de Compostela), correo electrónico: jlareu@galicia.ccoo.es, en representación do SAA-G da FSC de CCoo

ALEGACIONES XERAIS

En primeiro lugar, queremos facer unha valoración positiva do compromiso anunciado polo DXFP na xuntanza do día 3 de febreiro de 2002 de transformar en xornada completa os 110 postos que aparecen actualmente na RPT con xornada inferior á ordinaria.

Por outra banda, tamén consideramos un bo punto de partida para iniciar as negociacións desta RPT que dos 1789 postos que contén, 1600 incrementen a súas retribucións e 190 manteñan exactamente as mesmas retribucións que percibían como persoal laboral, dando así cumprimento ao pactado no Acordo de Concertación Social e no Decreto de Funcionarización.

Con todo, e como alegación de carácter xeral, solicitamos que esta RPT tome como referencia de xeito prioritario o CND e non o CE para adecuar as retribucións de laboral a funcionario. Naqueles casos onde sexa posible, o lóxico é achegarse ás retribucións que tiñan como laborais en base ao nivel, máxime tendo en conta que se trata de escalas funcionariais creadas “*ex novo*” e que non teñen termo comparativo coas actuais escalas funcionariais da Xunta de Galicia.

ALEGACIÓNS ESCALAS

MÉDICOS

Criterio 1. Complexos residenciais de atención a persoas dependentes. Realiza gardas.

Criterio 2. Centros de atención a persoas con discapacidade ou residencias de maiores. Non realizan gardas.

Neste criterio aparece 12 postos dos que 11 teñen complementos de funcionarización que oscilan entre os -201,27 e os -4428,49.

Propoñemos eliminar ou canto menos, reducir estes complementos pola vía do incremento do específico xa que son postos que teñen unhas contías moi elevadas no complemento de funcionarización. Por outro lado, temos que ter en conta que se trata de postos ocupados por persoal temporal (agora mesmo cun proceso selectivo en marcha) e se queremos incentivar a cobertura definitiva destes postos é necesario tender a unha equiparación o máis beneficiosa posible para o traballador e segundo o criterio no que se inclúa o posto. Ademais, deste xeito contribuíríamos a pór en valor e darlle máis recoñecemento social do que agora ten á atención sanitaria xeriátrica.

Criterio 3. Vicepresidencia (plus convenio)

Criterio 4. Centro Residencial Docente (dispoñibilidade horaria)

Criterio 5. Outros médicos Política Social

Neste criterio inclúense os médicos que prestan servizos nas Oficinas de Valoración de Dependencia e Discapacidade e Equipos EVO encadrados en RPT nas Xefaturas Territoriais. Estes profesionais están encadrados na proposta (N22 CE23) e quedan cun complemento de funcionarización de (-232,93) en moitos dos casos. Propoñemos os axustes necesarios para eliminar esa cantidade xa que non fan só tarefas unicamente administrativas, senón que entre as súas funcións está a valoración dos usuarios de forma directa e presencial.

Criterio 6. Médicos Centros de Educación Especial

Criterio 7. Outros médicos sen complementos

Criterio 8. Inspectores médicos (Educación)

DIRECTORES/COORDINADORES

Criterio 9. Directores de Centros de Menores

Criterio 10. Subdirectores de Centros de Menores

Son tres postos que están encadrados en 21-24 cun complemento de funcionarización de -86,89. Propoñemos incrementar o específico en 90€ para eliminar o complemento de funcionarización. Xustificación: funcións de responsabilidade asumidas con respecto a menores institucionalizados.

Criterio 11. Coordinador de Menores

Criterio 12. Director Centro Sociocomunitario

Criterio 21. Director Casa da Xuventude

Hai 4 postos que se propoñen para N20 CE20. Aínda que tres deses postos teñen un saldo positivo, entendemos que teñen unhas funcións e responsabilidades equiparables aos directores dos centros sociocomunitarios que, curiosamente, se encadran nun nivel superior (N21 CE21).

Por outra banda, tamén resulta paradóxico que o posto de Educador na Casa da Xuventude de Ourense teña nesta proposta un específico e retribucións superiores (N20 CE22) ao do propio director do mesmo centro.

En consecuencia, propoñemos para os directores das casas de xuventude a mesma solución que para os directores dos centros sociocomunitarios. E dicir, N21 CE 21.

Criterio 13. Coordinador Equipo Valoración de Dependencia

Criterio 14. Coordinador Centro de Día

PSICÓLOGOS E PEDAGOGOS

Criterio 15. Psicólogos Xustiza

Criterio 16. Psicólogos, pedagogos e sociólogos de Xefaturas Territoriais e Centros de Menores, Residencias e Centros de Educación Especial.

Os psicólogos do Servizo de Menores están incluídos en RPT de forma xenérica en Xefaturas Territoriais igual que outro persoal destas escalas que presta os seus servizos en dependencia ou oficinas de valoración. Motivo que nos impide cuantificar os postos que forman parte dos equipos de menores.

O que propoñemos en primeiro lugar é distinguir, localizar e diferenciar os postos que presten servizos de atención directa a menores (atención temperá, adopcións, decisión sobre tutelas, execucións de retirada de custodia, ...) dos que fan tarefas de carácter predominantemente administrativo

A concreción desta alegación sería darlle un trato diferenciado ao persoal destas escalas que traballen no servizos de menores e que debería vir por unha mellora do seu nivel de

complemento de destino xa que coa proposta actual (N22 CE23) teñen un complemento de funcionarización de -232,93 na maioría dos casos. Podemos entender, e mesmo compartir, que os psicólogos de Xustiza teñan un N26 CE26 xa que, ademais das súas funcións habituais, están sometidos a dispoñibilidade horaria que, por suposto, debe ser retribuída. Porén, entendemos que o labor e o traballo dos psicólogos en Menores (a pesar de non ter dispoñibilidade) leva implícito unhas funcións e responsabilidades equiparables ao persoal de xustiza. Por iso, parécenos que a diferenza de niveis que se propón para uns e outros é desproporcionada, debendo incrementar o nivel dos psicólogos de menores.

Nas Oficinas de Valoración de Dependencia e Discapacidade e Equipos EVO encadrados en RPT nas Xefaturas Territoriais, os psicólogos/as (N22 CE23) quedan cun complemento de funcionarización de (-232,93) na maioría dos casos. Propoñemos os axustes necesarios para eliminar esa cantidade igual que no caso anterior.

Por último, existen dous postos (un de psicólogo e outro de pedagogo) adscritos á Secretaría Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais que, pola información da que dispoñemos, fan funcións de inspección. Se isto é así, deberían ter o mesmo tratamento que os demais inspectores deste servizo.

Criterio 17. Resto psicólogos, pedagogos e sociólogos.

ATS/DUE

Criterio 22. ATS/DUE con funcións de coordinación (residencias dependentes e mixtas)

Hai 14 postos (N22 CE22) dos que 9 terían un complemento de funcionarización de -80,82 e 5 postos cun complemento de -643,58. Entendemos que deberían eliminarse estes complementos de funcionarización mediante un incremento do NCD ou mediante a aplicación dun CE singularizado. Esta alegación está xustificada polas funcións de especial responsabilidade asumidas por este colectivo de coordinación, supervisión e organización de todo o persoal ao seu cargo (auxiliares de enfermería e enfermeiros de cada centro, que como mínimo ronda as 50 persoas). Ademais, isto suporía un pequeno incentivo para facilitar a cobertura deste tipo de postos.

Esta tipoloxía de posto e funcións, se é necesaria, debería existir en todos os centros, e ser recoñecida como tal, pero non é tal como reflicte a táboa, por exemplo no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de A Coruña, onde non aparece, pero consta que o código PSC994050115001335, que aparece NIVEL 20 CE 22, é un posto de coordinación que debería ter NIVEL 22 CE 22.

Criterio 23. ATS/DUE (Residencias dependentes e mixtas)

O código PS.C99.40801.15001.014 da Residencia de Maiores Torrente Ballester, debe ser revisado na súa contía de percepción de plusos.

Criterio 24. ATS/DUE (Residencias válidos)

Dado que aos postos incluídos neste criterio (todos eles con funcións de subdirección), entendemos que habería que recoñecerlle esas funcións mediante un incremento do seu NCD.

Criterio 25. ATS/DUE (Centros de Educación Especial)

Criterio 26. Resto ATS/DUE

ASISTENTES SOCIAIS

Criterio 27. Asistente Social Xustiza

Criterio 28. Asistente Social CRPAD, CAPD e Residencias Asistidas

Criterio 29. Asistente Social Residencias, Oficinas Valoración Dependencia e Xefaturas Territoriais.

Asistentes Sociais (residencias)

Na proposta que se nos achega hai catro postos de asistente social do CRAPD de Vigo que teñen asignado un N20-CE22, mentres que no resto das residencias e grandes residencias (15 postos) aparecen co N20 CE20, sen ningún tipo de xustificación e da como resultado 15 complementos de funcionarización bastante elevados. Entendemos que se deben manter aos asistentes sociais das residencias no 20-22 tal como se fai cos asistentes sociais do CRAPD de Vigo, xa que están sometidos ao mesmo réxime de prestación de servizos e fan as mesmas funcións. Non ten sentido que uns (Vigo) se encadren no 20-22 e os demais no 20-20.

Asistentes Sociais (Xefaturas Territoriais)

Xa solicitamos da Administración na mesa previa explicativa desta RTP que diferenciase os postos (psicólogos, pedagogos e asistentes sociais) concretando a unidade administrativa onde prestan efectivamente servizos (dependencia, EVO, Menores, Risga....)

Por exemplo, o persoal do Servizo de Menores está incluído en RPT de forma xenérica en Xefaturas Territoriais igual que outro persoal destas escalas que presta os seus servizos en dependencia ou oficinas de valoración. Motivo que nos impide cuantificar os postos que forman parte dos equipos de menores. Exemplo do anterior é a situación na provincia de Pontevedra, onde nesta categoría, na Oficina de Valoración de Dependencia e Discapacidades constan: 6 prazas, entendemos que tres de discapacidade que no son vacantes e 3 vacantes en dependencia. Consideramos que en dependencia debe haber 4,

xa que leva máis de 10 anos (desde el 2008) cuberta por postos adscritos a la Xefatura Territorial de Vigo.

O que propoñemos en primeiro lugar é distinguir, localizar e diferenciar os postos que presten servizos de atención directa a menores (atención temperá, adopcións, decisión sobre tutelas, execucións de retirada de custodia.

A concreción desta alegación sería darlle un trato diferenciado ao persoal destas escalas que traballen no servizos de menores e que debería vir por unha mellora do seu nivel de complemento de destino. Podemos entender, e mesmo compartir, que os asistentes social de Xustiza teñan un N25 CE25 xa que, ademais das súas funcións habituais, están sometidos a dispoñibilidade horaria que, por supostos, debe ser retribuída. Porén, entendemos que o labor e o traballo dos asistentes sociais en Menores (a pesar de non ter dispoñibilidade) teñan unhas funcións e responsabilidades equiparables ao persoal de xustiza. Por iso, parécenos que a diferenzas de niveis que propón para uns e outros é desproporcionada, debendo incrementar o nivel dos asistentes sociais de menores.

Parece deducirse da proposta que se nos achega, que os asistentes sociais dos equipos técnicos de menores son os que aparecen con N20 CE22 (con un saldo positivo de 539,32) e adscritos a Xefaturas Territoriais. Se isto fose así, damos por boa a proposta realizada e deixaríamos sen efecto a anterior alegación.

Nas Oficinas de Valoración de Dependencia e Discapacidade os asistentes sociais (N20 CE20) quedan cun complemento de funcionarización bastante elevado (-1218,84) . Propoñemos os axustes necesarios para eliminar ou reducir esa cantidade, polos mesmos motivos que argumentamos anteriormente para médicos, psicólogos e pedagogos destas unidades.

Criterio 30. Resto asistentes sociais.

Insistindo na idea de que non podemos diferenciar os servizos onde están ubicados os postos que con carácter xeral veñen adscritos ás Xefaturas Territoriais, vemos que hai postos de xefaturas que están incluídos neste criterio (N18 CE18) e que puidesen estar no mesmo servizo e exercendo as mesmas funcións que outros postos da mesma categoría incluídos no criterio anterior (N20 CE20). Ou dito doutro xeito, poden estar incluídos neste criterio, postos que (aínda non tendo ningún complemento) deberían ou poderían estar incluídos no criterio 29 xa que están en servizos de xefaturas territoriais que, como dixemos, van a un nivel e específico superior.

AUXILIAR DE CLÍNICA

Criterio 31. Auxiliar clínica. Residencias dependentes e mixtas

Na proposta que se achega as auxiliares de residencias de dependentes e mixtas quedan con N15 CE19 + 28 € de incremento de específico, o que da como resultado un saldo lixeiramente positivo (6,72 €).

Propoñemos a seguinte solución: N16 CE18 + 145 € de incremento de específico. A xustificación é que coa nosa proposta o custo é practicamente igual á proposta da Administración pero consideramos que incrementar o nivel deste colectivo ao N16 sería un incentivo interesante para favorecer a permanencia e a cobertura destes postos e ademais, a medio prazo, pode supoñer un beneficio para as traballadoras afectadas no que atinxe á consolidación do seu grao persoal.

Por outra banda, parece razoable diferenciar ao colectivo de auxiliares que traballan en residencias de validos (N15 CE15) que arroxa un saldo positivo de 299,67, das auxiliares que traballan en residencias de dependentes e mixtas asignándolles o N16 CE18 que propoñemos.

Criterio 32. Auxiliar clínica. Residencias válidos. Centros de Educación Especial e Laboratorio de Saúde Pública de Lugo

Criterio 34. Resto auxiliares de clínica.

COIDADOR/A

Criterio 39. Coidador/a

Na proposta que se achega os coidadores/as de CAPDs quedan con N15 CE19 + 28 € de incremento de específico, o que da como resultado un saldo lixeiramente positivo (6,72 €).

Propoñemos a seguinte solución: N16 CE18 + 145 € de incremento de específico. A xustificación é que coa nosa proposta o custo é practicamente igual á proposta da Administración pero consideramos que incrementar o nivel deste colectivo ao N16 sería un incentivo interesante para favorecer a permanencia e a cobertura destes postos e ademais, a medio prazo, pode supoñer un beneficio para as traballadoras afectadas no que atinxe á consolidación do seu grao persoal.

Por outra banda, parece razoable diferenciar ao colectivo de auxiliares que traballan en residencias de validos (N15 CE15) que arroxa un saldo positivo de 299,67, dos coidadores/as que traballan CAPDs asignándolles o N16 CE18 que propoñemos, dándolles o mesmo tratamento que ás auxiliares de clínica das residencias de maiores dependentes e mixtas.

PRAZAS

As seguintes prazas non constan no listaxe facilitado:


- PSC 99.30.101.36001.004 (Titulado superior médico) del Evo de Pontevedra.
- As prazas de Traballador/a Social da Oficina de Atención a las Víctimas adscritas aos Xulgados.

CAMBIO DE DENOMINACIÓN:

Solicitamos a adaptación á denominación actual da seguinte categoría:

- AUXILIAR DE CLÍNICA por TÉCNICO/A EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA (TCAE)

Santiago de Compostela, 9 de febrerío de 2022



Asdo. Javier Lareu Rodiño



Asdo. Lino Díaz Goás.

DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

Consellería de Facenda e Administración Pública